



MOCIÓN DE URXENCIA EN RELACIÓN COA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO SEN AUTORIZACIÓN LEGAL.

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, ao amparo do establecido na normativa aplicable e por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación a celebrarse o día 28 de setembro de 2017, para o seu debate e votación a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como todos sabemos no Campo do Souto están instaladas varias pulperías co consentimento ímplicito do señor Alcalde e de forma non regulada, sen autorización expresa, e que están a ocupar o espazo público.

Estas instalacións son utilizadas para levar a cabo unha actividade económica os domingos, coincidindo co mercado dominical. As mesmas teñen a obrigaón de pagar unha taxa como o resto dos postos do mercado.

Devanditas pulperías contan co privilexio ou co favor de poder quedar no Souto instaladas o resto dos días da semana mentres que os restantes postos do mercado teñen a obrigaón de montalos e recollelos no mesmo domingo, producíndose así un claro agravio comparativo permitido polo goberno local do PP e o PGD. Engadimos un punto de gravidade á cuestión indicando que pola instalación destas pulperías de luns a sábado non se está pagando ningunha taxa.

Na mesma situación irregular atópase o carrusel dos caballitos e o remolque e cabina do camiión que supostamente pertence aos propietarios do carrusel.

O señor Alcalde ten a potestade de outorgar autorización para a ocupación dos espazos públicos, pero entendemos que ten que facelo xustificadamente e seguindo uns criterios lóxicos, legais e iguais para todos, é dicir, que se se autoriza a determinada persoa ocupar o espazo público en base a uns motivos ou criterios, despois non se pode denegar unha autorización a outra persoa que alegue os mesmos motivos.

Isto fai, ao noso entender, moi difícil por non dicir imposible regular a situación das pulperías e o remolque e cabina antes indicados, porque de facelo supoñería que calquera outra persoa podería solicitar autorización para instalar o seu posto ou aparcar o seu tráiler os días que considerase e non se lle podería denegar a autorización, salvo que non se trate a todo o mundo por igual.

Situación diferente, ou polo menos nós percibímolo así, é a do carrusel dos caballitos que pode ter características definitorias propias. Ao noso entender, os caballitos ademais de ter unha parte sentimental e formar parte da memoria infantil de moitos padroneses e padronesas, pode ser considerado un elemento cultural ou patrimonial. Iso non exime, na nosa opinión, que deba existir algún tipo de regularización da situación e en consecuencia, o pago dunha contraprestación na forma legal correspondente pola ocupación do espazo público que é de todos, sobre todo tendo en conta que se está desenvolver unha actividade lucrativa.

Por último lembrar que na Comisión Informativa B, celebrada en xullo esta concelleira expuxo a situación explicada para que o goberno pensase que actuacións levar a cabo co fin de procecer a súa regularización. Na Comisión Informativa do luns, día 25 de setembro, procedín a preguntar polas medidas a tomar e desde o goberno, en concreto o señor Alcalde, indicoume que non tiñan pensado facer nada. Ante esta resposta véxome obrigada a traer esta moción por urxencia á sesión plenaria de hoxe. Non temos a menor dúbida de que as situacións que provocan agravios comparativos entre os cidadáns e que son consecuencia de favores por parte do goberno local fomado polo PP e o PGD, non poden ser demorados na súa resolución.

Por todo ou exposto, propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

1. Que se proceda se é posible a unha regularización da situación exposta que acabe dunha vez por todas cos tratos preferentes cara a determinados cidadáns.
2. De non ser posible a súa regularización, adóptense as medidas necesarias para que estas instalacións e vehículos deixen de ocupar o espazo público.

En Padrón, a 28 de setembro de 2017

Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN